



**RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO
POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O OUTORGAMENTO DE PERMEX
DE SOLENIDOS PARA EMBARCACIÓN NA MODALIDADE DE MERGULLO AO ABEIRO DO
PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO PARA O RECURSO ESPECÍFICO, DA CONFRARÍA DE
PESCADORES DE MOAÑA E CIES ARTESANAIS S.C.G. APROBADO PARA O TRIENIO 2025
– 2027.**

ANTECEDENTES

1. *A Orde do 19 de decembro de 2024 aproba os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027.*

As confrarías de pescadores de Moaña e Cies Artesanais S.C.G. teñen aprobado un plan de explotación conxunto de xestión de solénidos mediante mergullo en apnea e con subministro de aire desde superficie (PE410A 2024/5-5), para o período 2025-2027, que establece un número máximo de nove (9) embarcacións e nove (9) mergulladores durante o seu desenvolvemento.

2. A Confraría de pescadores de Moaña, solicita no seu nome e en representación acreditada de Cies Artesanais S.C.G., o día 6 de novembro de 2025 o inicio dun proceso selectivo para outorgamento de permisos de explotación de solénidos para unha (1) embarcación e un (1) mergullador.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, entre outros requisitos establece no artigo 42.1:

"A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión.

No caso de que para a extracción de recursos específicos se empreguen técnicas de mergullo, será necesario que os mergulladores e mergulladoras estean en posesión da titulación axeitada aos medios empregados"

2. O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer-la actividade pesqueira e marisqueira, entre outros requisitos no artigo 4º establece:

"O permiso de explotación non poderá ser outorgado, revalidado nin transmitido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan sanción firme en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendente de pagamento."

3. O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidas para a extracción profesional dos recursos mariños vivos





en augas da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros requisitos establece que:

"En ningún caso, poderán exercer actividades de pesca as embarcacións que non dispoñan de medios mecánicos de propulsión" (artigo 6.6).

4. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da comunidade Autónoma de Galicia, no capítulo III na sección 1ª artigo 25.1b) determina que para a obtención da modalidade de solénidos, a embarcación deberá ter menos de 10 TRB ou menos de 10 GT.

5. A Orde do 30 de decembro de 2015, no capítulo III na sección 1ª artigo 25.2 determina que:

"Ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación é incompatible con ser titular dun **permiso de explotación a pé** para recursos específicos. As persoas titulares dun permiso de explotación a pé para recursos específicos poderán presentarse ao proceso selectivo para obter as modalidades desde embarcación para este tipo de recursos, pero renunciarán ao dito permiso no momento da obtención dalgunha delas."

6. A Orde do 30 de decembro de 2015 determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

7. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola *Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos* e que figura como **anexo B** desta resolución.

O Catálogo de actividades formativas recoñecidas para o baremo do permiso de explotación de embarcación de recursos específicos é o que figura como **anexo C** desta resolución (**actualizado o 06.05.2025** pola D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro).

8. O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas establece, na súa disposición adicional primeira:

"As modalidades de recursos específicos nos permisos de explotación das embarcacións outorgaranse polo período de vixencia do plan de xestión aprobado"

9. De acordo co disposto na Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se modifica a Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos





específicos, o outorgamento da modalidade de recursos específicos realizarase entre persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión.

10. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación de conformidade co establecido no artigo 52 da *Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Convocar o proceso selectivo para outorgar a modalidade de **solénidos a unha (1) embarcacións cunha (1) cota de mergullo**, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de pescadores de Moaña e Cies Artesanais S.C.G., e con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no **anexo A**.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento





ANEXO A

BASES DA CONVOCATORIA

1. Normas xerais.

1.1. O obxecto do proceso selectivo será o outorgamento da modalidade de solénidos a unha (1) embarcación, cunha (1) cota para mergullo, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de explotación conxunto de solénidos mediante mergullo con subministro de aire desde superficie da Confraría de pescadores de Moaña e Cíes Artesanais S.C.G.

1.2. Requisitos das embarcacións.

Para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación, consonte ao artigo 25 da *Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia* deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter menos de cinco artes ou modalidades no seu permiso de explotación da embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas unha vez seleccionada a embarcación
- b) Ter menos de 10 TRB ou 10 GT.
- c) Dispoñer de medios mecánicos de propulsión
- d) Que as persoas tripulantes estean en posesión dos certificados profesionais correspondentes.

Ademais, ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recurso específico no seu permiso de explotación é incompatible con ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos. As persoas titulares dun permiso de explotación a pé para recursos específicos poderán presentarse ao proceso selectivo para obter as modalidades desde embarcación para este tipo de recursos, pero renunciarán ao dito permiso no momento da obtención dalgunha delas.

1.3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

As solicitudes dirixiranse ao departamento territorial da Consellería do Mar en Vigo no prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria do proceso selectivo no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web: <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía e da Confraría de Pescadores de Moaña e Cíes Artesanais S.C.G.





A Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019) no seu artigo 10º 1.a) establece que os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais dos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo tanto as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) do procedemento PE401L, directamente polo armador interesado ou a través dunha confraría ou entidade co documento de representación dispoñible na sede electrónica.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

A solicitude, asinada polo/s titular/es do permiso de explotación, deberá vir acompañada da seguinte documentación:

1.3.1. Documentación mínima para admisión da solicitude:

a) Para acreditar a personalidade para presentar a solicitude:

- a.1)** No caso dunha persoa física, copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, en caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.
- a.2)** No caso de cotitularidade, copia do DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. Esta autorización realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.
- a.3)** No caso dunha persoa xurídica, copia do NIF da entidade e DNI ou NIE da persoa representante en caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

No caso de ser titular do Permiso de explotación por cesión, deberán tamén dar a súa conformidade a/s persoa/s propietaria/s da embarcación e acreditar a personalidade seguindo os puntos anteriores.

b) Xustificante de ter aboado o pagamento da taxa correspondente. Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.





1.3.2. Outra documentación:

- a) Documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.
- b) Folla de asento da embarcación, actualizada á data da convocatoria, ou copia dixitalizada do documento orixinal.
- c) Documentación acreditativa de cada un dos aspectos que se van a valorar de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

c.1) Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación:

- I. Indicar no seu caso, se o armador foi titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos nos 2 anos anteriores á convocatoria.

A información relativa a este epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

- II. No caso de que o/a solicitante, titular do permiso de explotación da embarcación, estivese enrolado/a como mergullador/a (con acreditación) nunha embarcación incluída nun plan de xestión para o recursos específico de solénidos nos 2 anos anteriores a data da convocatoria deberá presentar copia do rol de despachos da embarcación e da libreta de embarque, ou ben certificación da capitanía marítima dos enroles da persoa solicitante nese período.

c.2) Habitualidade da actividade pesqueira da embarcación:

- I. Vendas na lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación

Para a valoración desta epígrafe, a persoa solicitante, deberá presentar os documentos que se indican a continuación ou ben certificación da capitanía marítima que recolla os seguintes aspectos:

- despachos da embarcación nos dous anos anteriores á data da convocatoria.
- rol da tripulación enrolada na embarcación con nome e apelidos e períodos de embarque, nos dous anos anteriores á data da convocatoria.

A información relativa ás vendas en lonxa ou centros de venda autorizado será a que conste en poder da Consellería do Mar.

- III. Período da actividade da embarcación (registro da actividade pesqueira)





A información respecto ao rexistro da actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.

c.3) Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das entidades titulares do plan de xestión:

A información respecto a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

c.4) Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación da embarcación na data da convocatoria:

A información respecto a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

c.5) Formación da persoa armadora da embarcación:

- I. Actividades de formación: documentación acreditativa das actividades formativas recoñecidas como mérito para acceder ás modalidades de recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades actualizado o 03/03/2022 pola D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro. Unicamente se valorarán as actividades formativas que estean finalizadas na data de publicación da convocatoria.

Non se computarán aqueles cursos ou títulos profesionais necesarios para o exercicio da actividade: mariñeiro-pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a, certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

- II. Titulación académica: copia do título. Só se valorará a titulación académica superior.
Ademais, engadirase 1 punto máis á valoración obtida na titulación académica cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regulada de acuicultura ou náutico-pesqueira, así como a formación non regulada, de Patrón de pesca local, Patrón costeiro polivalente e Capitán de pesca.

c.6) Ter persoas enroladas do xénero feminino:

Copia do rol de despachos da embarcación e da tripulación enrolada nos dous anos anteriores á data da convocatoria ou certificación da capitanía marítima ao respecto.

1.4. Emenda da solicitude.

O departamento territorial, como órganos responsables da tramitación e resolución das solicitudes, comprobarán que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa.

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal





A notificación das emendas realizarase de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada, tamén se publicará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes da Consellería do Mar, así como no taboleiro de anuncios da entidade asociativa.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>)

2. Proceso selectivo. Relación provisional e definitiva.

2.1. O departamento territorial baremará as solicitudes e publicará, no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, unha relación provisional indicando a puntuación acadada por cada unha das solicitudes presentadas. Así mesmo, nesta relación recolleranse as excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e nos da confraría de Moaña e Cies Artesanais S.C.G.

O feito de figurar na relación de persoas e embarcacións seleccionadas non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada ou embarcación a posesión dos requisitos esixidos no procedemento regulado nesta sección. Cando da documentación que deba presentarse no caso de ser seleccionado, se desprenda que non posúa algúns dos requisitos, a persoa interesada decaerá de todos os dereitos que podan derivar da súa participación no procedemento.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar ante a xefatura territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

As embarcacións e persoas excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro*, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.2. Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e analizadas estas, a xefatura territorial ditará a resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e das persoas armadoras, así como das non seleccionadas. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.





A resolución coa relación definitiva será exposta nos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no punto 2.1

En caso de empate na puntuación obtida e previo á publicación da resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas, este resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación, de acordo co apartado A.8 do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.

Contra a resolución que aprobe a relación definitiva, que non esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día ao da súa publicación no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*.

3. Outorgamento da modalidade

O outorgamento da modalidade de recursos específicos realizarase entre persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión. As persoas armadoras das embarcacións seleccionadas deberán presentar, no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva, a seguinte documentación para obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

- a) Rol actualizado de despachos da embarcación coa de tripulación enrolada.
- b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da *Orde do 30 de decembro de 2015*.
- c) No caso de que a embarcacións que posúan cinco (5) artes ou modalidades no seu permiso de explotación, deberá renunciar a algunha delas.
- d) Certificación da confraría de pescadores/ entidade respecto da súa pertenza como asociado.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude. Se trala presentación da documentación quedaran modalidades por outorgar, estas asignaranse entre as embarcacións restantes por orde de puntuación.





Ademais, de acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir cos seguintes requisitos para a obtención da modalidade no permiso de explotación e das cotas asignadas:

- a) A persoa armadora da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, debendo renunciar a este no momento de obtención da modalidade.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

O departamento territorial ditará resolución concedendo ou denegando a modalidade do recurso específico, conforme ao establecido no artigo 52 da *Orde do 30 de decembro de 2015*.

